

20
ANIVERSARIO

GALICIENCIA®

REVISTA OFICIAL DA GALICIENCIA. TECNÓPOLE

edición 2025

Neurociencia e saúde mental

...proxectos gañadores

Unha caixa de
xogos para persoas
con enfermidades
neurodexenerativas

Unha aplicación
para coidar
a saúde mental

Un biocombustible
sustentable



Brais e Borja | IES Laxeiro de Lalín

“Estar aquí, cara ao público, é gratificante, porque ves que a xente se interesa polo que fas. Descubrir os proxectos dos demais tamén é moi chulo”

María | Colexio Maristas de Ourense

“Encántame esta feira científica e espero que siga así por moitos anos. É unha grande oportunidade para expoñer algo no que estiveches traballando todo o ano”

Frida e Candela | IES Zalaeta da Coruña

“É superdivertido e interesante, fixemos moitos amigos. Tiñamos medo de atopar `frikis` e non foi así. Aquí é máis divertido que na clase”



Marta | IES Rosalía de Castro de Santiago

“Deséxolle outros 20 anos a Galiciencia. Xa sabía da feira, porque miña irmá, María, tamén participou. Que siga fomentando o pensamento científico”



Miguel e Alice | Colexio Os Saucos de Pontevedra

“Desexamos que Galiciencia siga presentando a diversidade de traballos da mocidade e nós que poidamos seguir amosando aquí as nosas investigacións”

Edita:
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Deseño gráfico e contidos:
Vía Láctea Comunicación, S.L.

Imaxe:
Enyiris Design Thinking Lab, S.L.

Fotografía:
Lena Repetskaya

Impresión:
Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal:
OU 156-2019



Un percorrido pola “Neurociencia e saúde mental” e os 20 anos de Galiciencia



Galiciencia botaba a andar en 2006 como unha iniciativa pioneira en Galicia e agora é unha cita de referencia para a mocidade. Desde o Parque Tecnolóxico de Galicia – Tecnópole -sociedade participada pola Xunta de Galicia- traballamos para achegarvos a ciencia de xeito sinxelo e divertido, facéndoa accesible para todas e todos. Para iso contamos coa colaboración da Consellería de Economía e Industria e a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia e Innovación.

Ao longo destas dúas décadas pasaron pola feira máis de 48.000 visitantes, presentáronse máis de 1300 proxectos e en cada edición participan uns 40 centros educativos de toda Galicia e doutras comunidades.

Para unha Galiciencia tan singular eliximos como lema “Neurociencia e saúde mental”, un tema que cada vez nos afecta e preocupa máis a todos. No transcurso da feira púxose de relevo o valor da investigación neste campo e a importancia de coidar a nosa saúde mental.

Moitos asistentes á gran festa de Galiciencia

Nesta edición tan especial presentáronse 115 propostas de Galicia, País Vasco, Cataluña, Andalucía e Canarias: a carpa de Tecnópole acubillou 50 stands de Secundaria, Bacharelato e FP e 30 de Primaria; e de xeito online participaron 35 proxectos. Uns 225 rapaces e rapazas de 46 centros educativos, que nos agasallaron co seu enorme enxeño. E as visitas sumaron unhas 2000 persoas de 39 colexios e institutos. O conxunto de actividades aglutinaron a máis de 3500 participantes. Un aniversario do máis animado!



Premios máis que merecidos

Os equipos gañadores recibiron os seus merecidísimos premios. No acto participou a conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**. Acompañárona a alcaldesa de San Cibrao das Viñas, **Marta Novoa**; o delegado territorial da Xunta de Galicia, **Manuel Pardo**; o director xeral de Planificación Enerxética e Minas, **Pablo Fernández**; o vicerreitor do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, **Javier Rodríguez**; o secretario da Confederación de Empresarios de Ourense, **Jaime Pereira**; e a directora do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional, **María Jesús Carnero**.

Unha sorpresa desde Moscú

Durante o evento houbo un convidado moi especial, que se conectou coa rapazada por videoconferencia: o ourensán **Carlos Nieto**, primeiro gañador de Galiciencia -en 2006-, que na actualidade está a realizar o seu doutoramento en Moscú.



Outra sorpresa musical

E para celebrar o Día das Letras Galegas... sorpresa improvisada! Un grupo de rapazas, pertencentes a diferentes centros, compuxeron nuns intre a canción “Gali, Gali, Galiciencia” e interpretámola todos xuntos. Unha fermosa conxunción de ciencia, lingua e cultura que queda xa para a historia do certame.



Galiciencia 2026: “Ciberseguridade”

A maquinaria de Galiciencia non se detén. Xa nos poñemos a traballar na vindeira edición para sorprendervos con novas propostas. De seguro que vos encanta a temática: “Ciberseguridade”, en liña co Centro de Ciberseguridade de Galicia que se está a construír en Tecnópole. Desfrutade do verán pero, á volta, queremos que empededes a pensar en grandes proxectos para a vindeira Galiciencia. Vémonos en 2026!

María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria

“A ciencia e a tecnoloxía son a ferramenta para construír un futuro mellor para todos”

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, manifesta que os estudos STEM logran atraer a un número cada vez maior tanto de rapaces como de rapazas. Nesta liña, louva o papel de Galiciencia na divulgación científica entre a mocidade.



Semella que a rapazada se interesa cada vez máis pola ciencia

Si, e así o amosa a propia evolución desta feira. Na primeira edición, en 2006, presentáronse 15 proxectos e este ano, no que participaron uns 3500 nenos e mozos, máis de 100 traballos. É evidente que Galiciencia é a demostración de que as materias técnicas e científicas poden ter un gran poder de convocatoria entre a xente nova.

Creo que entre as causas desta evolución ten moito que ver o incentivo ás vocacións científicas nas escolas desde os primeiros anos, tamén a revolución dixital -co impulso de plataformas e contidos interactivos- e os “influencers” científicos en redes sociais están a crear un hábitat onde a curiosidade retroaliméntase e xera interese na rapazada por estes ámbitos.

Se a iso se suma o potencial dunha alta empregabilidade en sectores como a biotecnoloxía, as enerxías renovables ou a intelixencia artificial, xérase un bo caldo de cultivo para que tanto o alumnado como as familias decidan apostar por profesións STEM.

Cada vez hai tamén unha maior presenza feminina nas carreiras STEM

É moi gratificante ver como cada vez somos máis as mulleres que estamos presentes nas disciplinas STEM. Con todo, non podemos cantar vitoria mentres persistan os estereotipos culturais, a falta de conciliación real e a escasa presenza feminina nos niveis directivos. Por iso, na

Xunta debemos seguir nesta liña para crear unha contorna que facilite o ascenso profesional e o acceso a postos de responsabilidade en calquera ámbito, ao tempo que reforzamos a confianza e a vocación das rapazas desde Educación Primaria.

A temática desta edición foi a “Neurociencia e saúde mental”, un problema que afecta moi especialmente á mocidade

A saúde mental da mocidade é un reto global e require actuacións precisas desde as diferentes administracións. Darlle visibilidade ao problema é esencial. A súa presenza en espazos escolares e públicos a través de conferencias, talleres ou o propio desafío “Atrévete coa mente” de Galiciencia 2025, que aborda esta temática de xeito creativo, penso que é boa idea. E a sensibilización e a educación emocional tamén son fundamentais.

“Anímovos a abraiarnos coa ciencia”

Que mensaxe lle quere enviar a toda a rapazada galega en relación ao futuro dos estudos STEM

O mundo da ciencia e a tecnoloxía ábrevos unha porta a un mundo cheo de oportunidades: da intelixencia artificial á transición enerxética, da biotecnoloxía á economía circular. Por iso, anímovos a abraiarnos coa ciencia, a aproveitar cada obradoiro, cada curso e cada reto, e a desenvolver proxectos propios con creatividade, porque as solucións máis disruptivas nacerán das vosas ideas. A ciencia e a tecnoloxía non é soamente o que pasa nun laboratorio, senón a ferramenta para construír un futuro mellor para todos.

Unha felicitación para Galiciencia no seu 20 aniversario

Moitos parabéns a Galiciencia e a Tecnópole por vinte anos de compromiso coa ciencia, coa tecnoloxía e con Galicia. Grazas por espertar a curiosidade na nosa mocidade e por inspirar milleiros de vocacións científico-tecnolóxicas. Por moitos anos máis abrindo as portas ao coñecemento e fortalecendo o noso talento!



Unha caixa de xogos para persoas con enfermidades neurodexenerativas

Marta Lama. IES Rosalía de Castro (Santiago)

O proxecto gañador desta edición foi “Mente activa”, de Marta Lama, alumna do IES Rosalía de Castro de Santiago. Trátase dunha caixa de xogos para persoas con enfermidades neurodexenerativas como Alzhéimer ou Párkinson. A idea xurdiulle tras a experiencia coas súas avoas, que padecen unha dexeneración cognitiva grave. “Elas tiñan que facer exercicios para seguiren activas pero o que hai no mercado resultáballes moi aburrido, así que decidín investigar sobre isto” -explica-

“Se se pode exercitar a mente de maneira divertida, moito mellor”

“Son xogos sinxelos para a identificación de cores e formas de letras, deseñados para estimular e traballar a atención, a memoria e as habilidades visuoespaciais; co fin de que estas persoas adquiran o hábito de exercitar as súas capacidades cognitivas e mellorar así a súa calidade de vida” -indica a rapaza-. Apunta que é “unha alternativa máis atractiva e estimulante que os métodos tradicionais usados en residencias de maiores e centros de día, como os crebacabezas, os cadernos ou as mantas sensoriais, que resultan pouco motivadores; e mellor que os xogos dixitais, que lles son difíciles de utilizar”.

Marta propón un deseño baseado en luces, cores e música clásica. Tras probar o seu invento con varias persoas, afirma que “a opinión dos

usuarios é moi positiva e a caixa é fácil de utilizar, motivando a seguir xogando de forma regular, desfrutando mentres realizan os exercicios”.

“Eu só viña coa expectativa de aprender e pasalo ben. Levar o primeiro premio foi alucinante. Aínda non o creo. Estou moi contenta”. O galardón, dotado con 1000 euros, permitiralle financiar a súa participación na maior feira científica a nivel estatal, Exporecerca, que se celebra anualmente en Barcelona.



“Cando o tiveren rematado e comprobei que lle gustaba á xente, sentín que os meus esforzos deran os seus froitos”



Unha aplicación que axuda a coidar a saúde mental no día a día

Daniel Díaz e Carlos Fernández. CPR Divino Maestro de Ourense

O segundo equipo clasificado foi o formado por Daniel Díaz e Carlos Fernández, do CPR Divino Maestro de Ourense. Diseñaron “SaudApp”, unha solución dixital sinxela e eficaz para que calquera persoa poida coidar a súa saúde mental.

Parten da idea de que “a saúde mental é un aspecto fundamental do benestar humano, e o seu coidado adecuado contribuí á mellora

da calidade de vida”. Ademais, salientan que “está demostrado que a gratitude e a meditación contribúen a mellorar o noso estado emocional. E queremos demostrar que a tecnoloxía pode axudarnos a conseguilo”.

“O que máis nos gustou deste proxecto foi facelo entre moitas persoas, cada unha co seu rol”



A aplicación conta cun sistema de recompensas

A aplicación permite rexistrar o estado emocional a través dun formulario diario, practicar meditación, e mesmo acceder a contidos recomendados como vídeos, podcasts e artigos sobre benestar mental. Ademais, conta cun sistema de recompensas baseado en rachas diarias: os usuarios acumulan moedas que poden gastar en personalizacións como fondos, músicas e audios de meditación guiada.

“Se as persoas usan SaudApp de maneira constante, adoptarán hábitos máis saudables e mellorarán o seu benestar mental e emocional” -aseguran os rapaces-. Este segundo premio, de 500 €, permitiralles participar na Zientzia Azoka, a feira de ciencia que ten lugar cada ano en Bilbao.



Un biocombustible sustentable con papel reciclado, materia orgánica, cinza e outros refugallos

Eila Lago e Daniela García. Colexio María Auxiliadora – Salesianos de Vigo

O terceiro premio foi para o proxecto de Eila Lago e Daniela García, do Colexio María Auxiliadora – Salesianos de Vigo. A súa idea nace como resposta a dous grandes problemas ambientais: a xeración masiva de residuos e a deforestación causada pola produción de carbón vexetal. A súa proposta céntrase na transformación de papel reciclado, materia orgánica, cinza e outros refugallos nun biocombustible eficiente e sustentable, denominado TermoEcoBriks de biomasa.

Un produto limpo e seguro

O equipo avaliou diversas mesturas de materiais e aglutinantes naturais para crear “un biocombustible sólido que proporciona unha boa eficiencia térmica e unha combustión



estable”. Ademais, salientan que “a vantaxe dos materiais empregados é que son accesibles e de baixo custo; son materiais naturais e reciclados, sen aditivos sintéticos; non precisan maquinaria industrial nin tratamentos enerxéticos, facendo a súa fabricación máis sostible e accesible, garantindo un produto limpo e seguro”.

Segundo os datos achegados por Eila e Daniela, os resultados dos seus TermoEcoBriks mostran un poder calorífico de 5500 kcal/kg, o que representa o 80% da enerxía do carbón vexetal. Así, estas cifras suxiren un alto potencial como alternativa eficiente e ecolóxica ao carbón vexetal, con boas perspectivas de viabilidade no mercado.

“Buscamos xerar un mundo máis verde preservando os nosos bosques e dando un novo uso aos materiais residuais destinados á súa destrución” -manifestan-. As rapazas recibiron 200 € para a compra de material científico e/ou tecnolóxico para o seu centro.

“Ao longo de todo o proceso, foi moi divertido ir descubrindo un montón de cousas que non sabiamos”

+Premios

PREMIO | PROXECTO MÁIS INNOVADOR

Xeración de electricidade sostible con auga de chuva

Alejandro Fernández e Sergio Vales. IES Laxeiro de Lalín (Pontevedra)

O proxecto máis innovador foi H-EcoPower, desenvolto por Alejandro Fernández e Sergio Vales, do Ciclo Medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas do IES Laxeiro de Lalín. Propoñen xerar electricidade de forma sostible e eficiente mediante a instalación de microturbinas nos canlóns das vivendas e edificios para aproveitar a forza da auga da chuva.

“As microturbinas permítennos xerar unha cantidade significativa de electricidade e reducir o consumo da rede eléctrica convencional, co consecuente aforro económico; en particular en fogares, pequenas industrias e explotacións agrícolas situadas en zonas con alta pluviometría” -indican-. Aseguran que pode ser unha solución viable para a autoxeración eléctrica.




“O noso proxecto é innovador porque somos pioneiros, non hai ningunha empresa dedicada a isto nestes intres”

PREMIO | MELLOR PROXECTO ENGLOBALO DENTRO DA TEMÁTICA “NEUROCIENCIA E SAÚDE MENTAL”

O consumo de vexetais de folla verde axuda a previr o Alzhéimer

María Rodríguez. Colexio Maristas Santa María de Ourense



O mellor proxecto vencellado coa neurociencia e a saúde mental foi o de María Rodríguez, do Colexio Maristas Santa María de Ourense. Desenvolveu un estudo para analizar os hábitos da poboación, co fin de determinar que factores poden reducir o risco de padecer Alzhéimer.

“Adóitase pensar que o Alzhéimer é incontrolable, pero un 35% dos casos débense a causas que podemos modificar. Está na nosa man optar por hábitos que poidan axudar á súa prevención” -manifesta a rapaza-. Nesta liña, segundo as súas investigacións, o consumo de vexetais de folla verde seis veces por semana axuda a gañar ata 11 anos cognitivos.

“A saúde mental e todos os factores que teñen que ver co cerebro acaban afectando ao resto do corpo”

+Premios

PREMIO | PROXECTO CO MÉTODO CIENTÍFICO E PROCESO DE INVESTIGACIÓN MELLOR DEFINIDO

Un autobús intelixente

Roi Blanco e Elena Carro. IES Rosalía de Castro de Santiago



Roi e Elena deseñaron un sistema que permite detectar se os pasaxeiros levan o cinto de seguridade abrochado, co fin de reducir as vítimas ante un posible accidente de tráfico.

O prototipo emprega dous tipos de avisos, un luminoso e outro auditivo, para alertar os usuarios en caso de non ter posto o cinto; emitindo unha mensaxe de agradecemento aos pasaxeiros que actúen correctamente. “Con estes sinais pretendemos que calquera persoa, aínda que sufra algún tipo de invalidez auditiva ou visual, poida ter as mesmas oportunidades de viaxar segura” -apuntan os gañadores-.

“Cremos que o noso proxecto é moi útil porque axudaría a salvar moitas vidas”

PREMIO | MELLOR COMUNICACIÓN E PRESENTACIÓN ORAL

Unha palliña para filtrar e potabilizar auga contaminada

Roque López e Irene Díaz. Aulas Tecnópole (San Cibrao das Viñas, Ourense)

Roque e Irene fabricaron unha palliña económica e práctica que potabiliza auga contaminada ao instante.

Os rapaces xa deseñaron un prototipo con materiais accesibles e, segundo os resultados obtidos, afirman que logra eliminar os microorganismos e os contaminantes químicos a niveis seguros para o consumo humano, cun custo inferior a 5 euros. Agora esperan poder desenvolver un programa piloto nunha comunidade rural para avaliar o seu impacto real.

“Dásenos moi ben comunicar porque levamos moito tempo facendo exposicións e preparando proxectos científicos”



PREMIO | MELLOR PROXECTO LIDERADO POR UNHA RAPAZA

Un filtro caseiro para reutilizar a auga da secadora

Cintia Pérez e Iago Fernández. Colexio Pablo VI - Fátima da Rúa (Ourense)



Cintia e Iago ideraon un filtro caseiro para eliminar deterxentes e suavizantes presentes na auga residual da secadora, o que permite a súa reutilización en rega e acuarios.


O seu sistema de filtrado elimina partículas sólidas e contaminantes químicos. “Realizamos probas comparando a auga antes e despois da filtración, avaliando a súa claridade e impacto en plantas e peixes, e os resultados amosan que a nosa proposta é unha solución eficaz, sostible e de baixo custo para a reutilización da auga” -aseguran-.

“As mulleres poden conseguir o que se propoñan”

PREMIO | MELLOR PROXECTO DE FP

Un sistema de carga de baterías con hidróxeno

Borja García e Sergio Vázquez. IES Laxeiro de Lalín (Pontevedra)



Borja e Sergio deseñaron un sistema de xeración de enerxía sostible para a carga de baterías, tanto de diferentes tipos de vehículos como de dispositivos eléctricos. Trátase dun sistema híbrido que combina a enerxía solar coa de hidróxeno. Salientan que presenta un alto potencial para a súa aplicación en talleres mecánicos e tamén para uso particular, en electrodomésticos e ferramentas eléctricas.

“O feito de estar cursando un ciclo de FP axudounos moito a desenvolver este proxecto”



PREMIO | O PROXECTO COA MELLOR VALORACIÓN POPULAR

Un robot para mellorar o benestar emocional

Iago Calvelo e Mateo Leránoz. IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago

Iago e Mateo deseñaron un robot que actúa como sistema terapéutico, mediante o recoñecemento de emocións e a xeración de respostas adecuadas. O sistema está provisto de tres botóns, que, ao seren pulsados, activan unha función específica segundo a emoción representada: ledicia, tristeza ou enfado.

O robot complementábase cunha aplicación para o móbil, que permite determinar a emoción predominante e responder axeitadamente, xa sexa amosando unha mensaxe positiva ou reproducindo música acorde coa emoción detectada.



“Foi moi satisfactorio comprobar que podiamos deseñar un robot, tal como soñabamos de pequenos”

ACTIVIDADES PARALELAS

En Galicia pasámolo xenial aprendendo. Neste 20 aniversario tivemos unha chea de actividades para coñecer máis sobre a “Neurociencia e saúde mental”: dous espectáculos de ciencia, talleres superdivertidos, unha emocionante final do desafío científico... e o habitual programa de radio. Coas divulgadoras e divulgadores máis chusquiños: Beatriz Álvarez, Cristina Mangana, David Ballesteros, Manuel Vicente, Patricia Barciela e Vicente Mohedano.

Espectáculos de ciencia

“Cerebrum”

Para conmemorar o 20 aniversario de Galicia, o Auditorio de Ourense acolleu en abril o espectáculo “Cerebrum”. A través dunha divertida fusión de ciencia e teatro, a rapazada e as súas familias realizaron unha fantástica viaxe pola mente humana, nun show conducido polo neurocientífico galego Casto Rivadulla e o actor e divulgador científico colaborador de Galicia Vicente Mohedano. Descubrindo os misterios do cerebro con moitísimo humor.



“O cerebro: unha máquina extraordinaria”

O cerebro é unha máquina extraordinariamente eficiente que nos define como seres humanos. Pero, que sabemos realmente sobre el? O alumnado de Secundaria, Bacharelato e FP mergullouse nunha serie de experimentos que lles permitiron explorar temáticas apaixonantes relacionadas con nós mesmos e coa nosa percepción da realidade. Probaron alimentos de sabores misteriosos, observaron as ondas cerebrais e descubriron a fascinante neurociencia que se agocha tras sentimentos como o amor.



Talleres

Primaria e Educación Especial

“Ver para creer”

Moitas veces cremos o que nos din os nosos ollos. Pero a rapazada participante neste obradoiro puido comprobar que o que vemos non sempre é o que realmente está a suceder. Entenderon como funciona a percepción a través de diferentes ilusións ópticas e mesmo foron capaces de crear unha.



“Neuropróteses: do cerebro á máquina”

Como é posible que os nosos órganos executen as ordes do noso cerebro tan rápido? Podemos replicar ese proceso mediante unha máquina? Poderemos recubrir o noso corpo cun superexoesqueleto como o de Iron Man? Neste obradoiro os nenos e nenas coñeceron como esta tecnoloxía que nos parece tan futurista é empregada a diario por miles de persoas arredor do mundo, e que, sen ela, a súa vida sería moito máis complexa.



1 mol = $6,02 \times 10^{23}$ a ciencia a
a Arte é expresión e beleza infin
sible do Universo é que sexa g
 $(x-6) + (x+2) = 0$ a tecnoloxía

Talleres

Secundaria, Bacharelato e FP

“Menssana: ven xogar pola saúde mental”

O alumnado participou nun divertido xogo de mesa que axudou a sensibilizalos sobre a importancia da saúde mental, rachando prexuízos. Unha iniciativa fantástica para fomentar o benestar emocional desde idades temperás.



“Neurociencia para coidar o teu cerebro”

Neste taller a rapazada aprendeu como as redes sociais afectan á saúde mental, como os videoxogos poden causar adicción, que pasa no noso cerebro cando apostamos on line, por que as drogas son aditivas... Tamén afondaron na importancia de durmir e por que os adolescentes dormen máis horas que os nenos. Achegáronse a conceptos como os neurotimos ou o neurodoping e mesmo descubriron que a nosa percepción pódese hackear. Un obradoiro destinado a coñecer como funciona o encéfalo para aprender a coidalo.



“I want it now!”

Os grupos de adolescentes que participaron neste taller trataron de responder a preguntas como onde reside a felicidade, que é o que necesitamos realmente... Porque os seres humanos estamos a cuestionar continuamente as nosas actitudes e os nosos desexos. E, como seres sociais, a imaxe que temos de nós mesmos é sempre condicionada socialmente. Descubriron que desde que nacemos estamos a assimilar os comportamentos que nos permitirán sobrevivir en sociedade.




Programa “Efervesciencia” da Radio Galega

O programa “Efervesciencia” da Radio Galega, conducido polo divulgador científico Manuel Vicente, non faltou á súa cita habitual en Galicia. Os nosos galicientíficos e galicientíficas quedaron fascinados con esta proposta: ser protagonistas dun programa de radio!



RADIO GALEGA



desafío: **GALICIENCIA** #atréveteoamente

Récord de participación no Desafío Científico!!!! Aglutinou a 404 equipos, integrados por 1056 rapaces e rapazas desde 4º de Primaria a 2º de Bacharelato, procedentes de 48 centros de toda Galicia. Nos diferentes retos exploraron a mente humana, toda unha aventura na que puideron descubrir que ocorre no noso corpo cando, por exemplo, tocamos un obxecto moi quente, ou por que nos sentimos tan ben despois de facer deporte...

Durante a fase online tiveron que enfrontarse a un quizz para avaliar os seus coñecementos sobre a materia, elaboraron fantásticos pósters e mesmo gravaron podcasts centrados na neurociencia e a saúde mental. Os que conseguiron pasar os tres retos foron seleccionados para participar nunha apaixonante final presencial, na que se atoparon cunha enorme sorpresa: unha “ruleta da mente” coa que mediron a súa sabedoría.



OS EQUIPOS GAÑADORES



Primaria: **Jimar**

O equipo vencedor de Primaria foi “Jimar”, formado por Martín Gil, Jimena Martínez e Ana Fernández, do Colexio Santo Ángel de Ourense.



Secundaria: **Red Cajal**

De primeiro a terceiro de Educación Secundaria gañou “Red Cajal”, integrado por Julia Villar, Juan Andrés Fernández e Santiago González, do Colexio Santo Ángel de Ourense.



De 4º da ESO a 2º de Bacharelato: **Sabela e Katia**

Na categoría de cuarto de Secundaria a Bacharelato resultou premiado o equipo “Sabela e Katia”, do que forman parte Sabela Osorio e Katia Rodríguez, do IES Xunqueira de Pontevedra.

Concurso de deseño da camiseta oficial de Galicia 2025



A neurociencia e a saúde mental resultou ser un tema moi inspirador para os nosos artistas e artistas. A esta convocatoria concorreron un total de 382 debuxos de 17 centros de Primaria de toda Galicia.

“A neurociencia”

O gañador foi **David Devesa González**, alumno de sexto curso do CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia (Ourense). O seu debuxo, titulado

“A neurociencia”, amosa un cerebro moi risoño, colorido e enérxico, do que saen elementos que irradian moita positividade, como varios corazóns, estrelas, ideas... e tamén sorpresas e incógnitas. Como premio á súa creatividade, recibiu camisetas para a súa clase e para os seus profesores e familiares. Cando chegou a Galicia, puido comprobar como todos os equipos participantes e o persoal organizador da feira levaban posta a camiseta co seu debuxo. Foi moi emocionante!



Concurso de fotografía a través de Instagram

Como ve o alumnado e o profesorado de Secundaria, Bacharelato e FP a neurociencia e a saúde mental? O certame de fotografía a través de Instagram foi unha excelente oportunidade para deterse a reflexionar e expresar como entendemos un dos campos máis fascinantes e relevantes da ciencia actual.

Alumna gañadora

Aitana Sierra

Colexio Miraflores do Pereiro de Aguiar (Ourense)


A fotografía “*Diferentes xeracións, diferentes pensamentos, diferentes mentalidades*” reflicte a unión entre os membros dunha mesma familia.

Profesor gañador

Javier Fondevila

IES Pintor Colmeiro de Silleda (Pontevedra)

Co título “*Patrón de Moiré como ilusión óptica*”, amosa o efecto que se forma cando se superpoñen varias liñas.



Álbum fotográfico de Galiciencia 2025

Bulide, que imos empezar!



Os peques somos grandes



Ideas sorprendentes



Para non esquecer



Somos noticia!



Entrega de premios



2º Premio



1º Premio



3º Premio



Proxecto máis innovador



Mellor proxecto vencellado á neurociencia e saúde mental



Mellor método científico



Premio mellor comunicación



Mellor proxecto de FP



Premio á igualdade de xénero



Premio mellor valoración popular



Capturate o código QR e poderedes mergullarvos en Galicia 2025:
todas as imaxes, os magníficos proxectos, actividades...

...Agardámosvos en Galicia 2026 con “Ciberseguridade”!!!



Síguenos:



<https://www.facebook.com/tecnopoledivulga/>



<https://www.instagram.com/tecnopoledivulga/>



@tecnopoledivulga

www.galiciencia.com



Coa colaboración de: